

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 05 DE ABRIL DE 2016.**

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **TRECE HORAS** do día **CINCO DE ABRIL DE DOUS MIL DEZASEIS**, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde **MANUEL CUIÑA FERNÁNDEZ**, reúnese a Xunta de Goberno Local, coa asistencia do tenente de Alcalde **KLAUS BREY MONTAÑA** e os concelleiros **ANA LUISA GONZÁLEZ COSTA**, **MARÍA JOSÉ FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ** e **JESUS TABOADA LÁZARA**.

Secretario da Corporación: **MANUEL QUINTÁNS QUEIRUGA**, que da fe.

O Sr. Alcalde declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

- 1º.- **ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.**
- 2º.- **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE SILLEDA (PONTEVEDRA) E CÁRITAS INTERPARROQUIAL SILLEDA.**
- 3º.- **NOMEAMENTO DO XURADO DO I CONCURSO DE CÓMIC DA BIBLIOTECA PÚBLICA MUNICIAPL DANIEL CASTELAO.**
- 4º.- **URBANISMO. LICENZAS.**
- 5º.- **EXPEDIENTE de RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.**

### 1º.- **ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.**

Queda aprobada a Acta da sesión do 15 de Marzo de 2016.

### 2º.- **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE SILLEDA (PONTEVEDRA) E CÁRITAS INTERPARROQUIAL SILLEDA**

Polo Alcalde dase conta do Convenio de colaboración entre o Concello de Silleda e Cáritas Interparroquial-Silleda que transcríbese a continuación:

*“En Silleda, a 10 de Marzo de 2016*

*REUNIDOS*

*Dunha parte Don MANUEL CUIÑA FERNÁNDEZ, en calidade de Alcalde do Concello de Silleda e en exercicio das competencias atribuídas polos artigos 21.1 b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, pola que se aproban as Bases do Réxime Local e 61.1. a) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e demais concordantes da normativa aplicable ao réxime local.*

*E doutra parte, Don JOSÉ PÉREZ BARREIRO, DNI 35316849G, en representación de Cáritas Interparroquial de Silleda, adscrita á súa vez, a Cáritas Diocesana de Lugo (R-2701016D), con domicilio a efectos de notificacións en Silleda, Casa Parroquial.*

*Ámbalas dúas partes, en nome e representación en que concorren e coa capacidade legal necesaria para este acto,*

#### **EXPOÑEN:**

*Primeiro.- O Concello de Silleda ten entre os seus obxectivos prioritarios a avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social exercendo, así, as competencias atribuídas nos artigos 25 e 26 da Lei 7/85 de 2 de abril, pola que se aproban as Bases do Réxime Local e 80 e 86 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, co fin de propiciar lugares comunitarios e de encontro entre os veciños, asociacións e demais elementos integrantes da vida do municipio e facilitar a posta en marcha de programas e servizos de carácter cultural, social, informativo, formativo, educativo e lúdico que se organicen polas diferentes asociacións ou entidades.*

*Segundo.- Os artigos 70 bis e 71 da Lei 7/85 sinalan que as Corporacións Locais favorecen o desenvolvemento das asociacións para a defensa dos intereses xerais e sectoriais dos veciños, lles facilitan a máis ampla información sobre as súas actividades e, dentro das súas posibilidades, o uso dos medios públicos e o acceso ás axudas económicas para a realización das súas actividades e impulsan a súa participación na xestión da Corporación nos termos do número 2 do artigo 69, sen que en ningún caso podan menoscabar as facultades de decisión que corresponden aos órganos representativos regulados pola Lei.*

*Terceiro.- O artigo 233 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais recoñece o dereito a acceder ao uso de locais municipais por parte das Asociacións ou organizacións, co límite de uso en caso de coincidencia por parte doutras Asociacións ou polo propio Concello de Silleda, que ha de considerarse preferente.*

*Cuarto.- Cáritas Diocesana ten entre os seus fins a acción social.*

#### **CLAÚSULAS**

*Primeira.- O Concello de Silleda cede á Cáritas Interparroquial Silleda, o uso dun local, o baixo nº 8, dos locais propiedade do Concello sito na Rúa Campo de Arriba, de Silleda, para cumprimento dos fins para os que está creada e que xustifican á sinatura deste Convenio.*

*Segunda.- O prazo de duración deste convenio será dun ano dende a data da súa firma, que será prorrogado automaticamente ano a ano se un mes antes do vencemento ningunha das partes o denunciara e sempre que a organización viñera desempeñando os seus fins de forma legal e efectiva. Será causa de rescisión do convenio o incumprimento deste nalgunha das súas obrigas. E neste caso o Concello de Silleda dará audiencia a Cáritas Interparroquial Silleda polo prazo de quince días, para que alegue o que crea conveniente.*

*Terceira.- Cáritas Interparroquial Silleda terá os seguintes dereitos:*

- Utilizar o local de forma gratuita e como almacén para as súas actividades e para o exercicio dos fins para os que está creada.*

*Cuarta.- Cáritas Interparroquial Silleda asume as seguintes obrigas:*

- A utilización do local exclusivamente para o cumprimento dos fins para os que está creada e conforme a súa condición urbanística e constructiva.
- Conservar o local no estado en que lle é entregado.
- Non realizar obras ou reformas no local nin alterar os bens mobles do local sen previa autorización do Concello.
- A designar sempre un responsable de actividade que se encargará segundo cada caso de: horarios, recollida do local trala realización da actividade, recollida de residuos da actividade, control de luces, grifos, etc.
- Comunicación ao Concello de Silleda o cambio do seu representante legal ou de calquera circunstancia que puidese afectar ao convenio.
- Non ceder o local a terceiros.

Quinta.- O Concello de Silleda comprométese a:

- Facerse cargo dos gastos de enerxía eléctrica do Centro.
- Facerse cargo dos gastos de mantemento e reparacións ordinarias.

Sexta.- O Concello de Silleda resérvase o dereito de poder utilizar en calquera momento o Local, así como a decidir en caso de discrepancias sobre a utilización conxunta con outras asociacións ou veciños que necesiten as instalacións para a realización das súas actividades.

En ningún caso derivarase relación laboral algunha ou vinculación xurídica algunha entre o persoal que actúa en nome de Cáritas Interparroquial Silleda e o Concello de Silleda.

E en proba de conformidade do anteriormente exposto, asínase o presente Convenio por triplicado exemplar, no lugar e data enriba indicados.

O ALCALDE,  
Manuel Cuiña Fernández

O REPRESENTANTE DE CARITAS  
José Pérez Barreiro”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, **ACORDA** quedar enterada deste convenio e a ratificación do mesmo.

### **3º.- NOMEAMENTO DO XURADO DO I CONCURSO DE CÓMIC DA BIBLIOTECA PÚBLICA MUNICIPAL DANIEL CASTELAO.**

Polo Alcalde dase conta da proposta asinada pola Concelleira de Educació, de data 05 de abril de 2016, relativa o nomeamento do xurado calificador do I Concurso de Cómic da Biblioteca Pública Municipal Daniel Castelao, que transcríbese a continuación:

*“Eu, Pili Peón Iglesias como Concelleira de Educación do Concello de Silleda,*

**EXPOÑO:**

*Que unha vez publicadas as bases e aberto o prazo para participar, os centros de ensino municipais, no I Concurso de cómic da biblioteca pública municipal Daniel Castelao, é preciso nomear un xurado cualificador para que eleve unha proposta dos grupos gañadores á Xunta de Goberno local ao ser este o órgano competente para outorgar os premios.*

*Polo antedito, PROPOÑO:*

*Á Xunta de Goberno Local o nomeamento de Teresa González Barrio, Francisco Alén Pena e Soledad Rey Asorey como xurado cualificador dos traballos que se presenten. Silleda, 5 de abril de 2016"*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, **ACORDA:**

1.- **ACEPTAR** a proposta da Concelleira de Educación e nomear a Teresa González Barrio, Francisco Alén Pena e Soledad Rey Asorey como xurado cualificador dos traballos que se presenten ó I Concurso de Cómics da Biblioteca Pública Municipal Daniel Castelao.

#### **4º.- URBANISMO. LICENZAS.**

**4.1.- Actividade para Nave Industrial para carpintería de aluminio con comunicación previa, na parcela nº 3 da mazá nº 3 do Polígono Industrial Área 33 (Silleda), solicitado por ALUMINIOS COEGO, S.L.**

Vista a solicitude presentada por ALUMINIOS COEGO, S.L., Rexistro de Entrada nº 659 de data 17 de febreiro de 2016, para a actividade con comunicación previa de Nave Industrial para carpintería de aluminio con comunicación previa, na parcela nº 3 da mazá nº 3 do Polígono Industrial Área 33 (Silleda).

Visto que pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 05 de maio de 2005 acordouse:

*“5.3.4.- Licencia Nº 2209/04. Visto o expediente instruído a instancia de COEGO, S.L., que solicita a regulamentaría licenza municipal para construción dunha nave industrial para carpintería de aluminio a situar según proxecto técnico aportado é na parcela nº 8, masa 2, do parque empresarial Área-33, sita no lugar da Mera (Silleda); según plano nº 2.1. do Plan Parcial do Polígono Industrial Área-33, Plano de Zonificación de Usos pormenorizados marxe B e según plano nº 3 da Modificación do Plan Parcial do Parque Empresarial Área-33, con selo de Secretaría aprobado definitivamente polo Pleno en sesión 7-marzo-2002, a parcela é a número 3 da mazá nº 3.*

*RESULTANDO: Que admitido a trámite, procedeuse a realizar información pública co resultado que consta, incorporando os preceptivos informes técnicos e da Corporación Municipal.*

*RESULTANDO: Que elevado á Comisión Provincial de Medio Ambiente, este Organismo, con data 22 de abril de 2005, rexistro de entrada nº 1873, de data 26 de abril de 2005, informa en sentido favorable, calificando dita actividade como molesta, CD 262, e dende o punto de vista ambiental, condiciónase a súa instalación ó cumprimento dos seguintes requisitos:*

- a) O cumprimento das Medidas Correctoras propostas en planos e memoria.
  - b) A que o emprazamento sexa o sinalado no proxecto.
  - c) Ó cumprimento das distancias mínimas segundo proxecto.
  - d) A traballar coas portas e as fiestras pechadas e ventilación forzada na cumbreira.
- Non xerará residuos perigosos, e xestionará os non perigosas ó través de xestor autorizado.

*RESULTANDO:* Que o lugar de emprazamento non está en contradición coas Ordenanzas e acordos municipais sobre o particular.

*CONSIDERANDO:* Que na tramitación deste expediente observáronse as prescricións legais.

*Esta Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda a concesión da **licencia de obra solicitada, e a licencia provisional de actividade**, CONDICIONADA esta última ó cumprimento das observacións e medidas correctoras que, no seu informe, sinala a Comisión Provincial de Medio Ambiente, non podendo comenazar a exercerse a mencionada actividade ata tanto non se conceda a licencia definitiva de actividade, para o que será indispensable que se teña levantado acta de comprobación, que o interesado deberá solicitar a este Concello, a cal terá que ser favorable, achegando á petición certificado do técnico director das obras ou instalacións no que se especifique a conformidade das mesmas cos termos desta licencia; debendo ingresarse, previamente, nas arcas municipais a cantidade a que ascendan as taxas regulamentarias, según liquidación que practicará a Intervención municipal.”*

Visto que adxunta a solicitude Certificado Final da dirección da obra, asinado polo Arquitecto Técnico Luis Llorente Taboada e polo Arquitecto Juan Carlos Picáns Villar.

**A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, ACORDA:**

**PRIMEIRO:** Quedar enterada desta comunicación previa notificándollo ó interesado.

**SEGUNDO.-** Conforme o establecido no artigo 25, apartado F e artigo 26.A.1, da Ordenanza Reguladora da Apertura de Establecementos para o exercicio de actividades non sometidas a avaliación da incidencia ambiental:

*“Art.25.- Procedemento da declaración responsable.-*

*F).—Posta en marcha.*

*1. A declaración responsable producirá efectos dende a data da súa presentación ante calquera dos rexistros que establece o artigo 38.4 da Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, salvo inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se acompañe ou incorpore esta.*

*2. De acordo co sinalado no apartado anterior, o exercicio da actividade pode iniciarse baixo a exclusiva responsabilidade dos titulares e técnicos, nos termos establecidos no artigo 3, que subscribisen os documentos achegados, sen prexuízo de que para iniciar a actividade haxa de dispoñerse das autorizacións ou controis iniciais que, de acordo coas normas sectoriais, sexan preceptivos.”*

*“Artigo 26. - contestación e prazo.*

*A).- Control a posteriori.*

*1. A presentación da declaración responsable faculta a Administración municipal a comprobar, en calquera momento, a veracidade de todos os documentos, datos e cumprimento dos requisitos, de acordo cos criterios que se establezan no Plan de Inspección que, se é o caso, se elabore anualmente.”*

CUARTO.- Notifíquese o acordo aos interesados no procedemento, e dese traslado do mesmo aos servizos de urbanismo, intervención e tesourería.

#### **4.2.- Cambio de titularidade da licenza municipal de apertura solicitado por MÓNICA SÁNCHEZ CASAL.**

Vista a solicitude presentada por MÓNICA SÁNCHEZ CASAL, Rexistro de Entrada nº 1161, de data 21 de marzo de 2016, solicitando o cambio de titularidade do establecemento adicado a “Taberna”, sito na parroquia de Chapa, nº 14

Visto que adxunta a súa solicitude a seguinte documentación:

- Contrato de cesión de licenza municipal de apertura, de data 01 de marzo de 2016 asinado por Joaquín Sánchez Sesto e Mónica Sánchez Casal.

- Copia da Licenza Municipal de Apertura de Establecemento, outorgada por resolución da Alcaldía en data 11 de maio de 1.978.

**A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, ACORDA:**

**Primeiro.-** Darse por comunicados do cambio de titularidade da licenza de apertura de establecemento para “Taberna” concedida por resolución da Alcaldía en data 11 de maio de 1.978, na parroquia de Chapa nº 14 (Silleda), pasando a ser o novo titular da licenza de apertura MÓNICA SÁNCHEZ CASAL con NIF 76.829.958-W, en troques de Joaquín Sánchez Sesto.

**Segundo.-** Aprobar as seguintes liquidacións provisionais:

Taxa por expedición de documentos administrativos (artigo 2 da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos e servizos urbanísticos e 2.4 do Anexo da mesma Ordenanza) por importe de 36,00 euros.

**Terceiro.-** Notifíquese o acordo aos interesados no procedemento, e dese traslado do mesmo aos servizos de urbanismo, intervención e tesourería.

**Cuarto.-** Prazos de ingreso e Medios de pago

#### Prazos de ingreso

O pago en período voluntario das liquidacións provisionais deberá facerse nos prazos indicados no artigo 62.2 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria:

- a) Se a notificación da liquidacións se realiza entre os días un e 15 de cada mes, dende a data de recepción da notificación ata o 20 do mes posterior ou, se este non fora hábil, ata o inmediato hábil seguinte.
- b) Se a notificación da liquidación se realiza entre os días 16 e derradeiro de cada mes, dende a data de recepción da notificación ata o día cinco do segundo mes posterior ou, se este non fora hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

#### Medios de pago

O Ingreso efectuarase mediante transferencia bancaria á conta que o concello ten aberta en BANESTO é que é a seguinte: 0030/6210/22/0925476271.

**Quinto.-** Contra as liquidacións poderá interpoñer o recurso de reposición establecido no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da notificación debendo facer constar os extremos indicados no apartado f) do devandito artigo. O recurso deberá ser resolto no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da súa presentación entendéndose desestimado cando non recaiese resolución en prazo. Contra a resolución do recurso de reposición non poderá interpoñerse de novo este recurso, podendo interpoñerse directamente o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses (artigos

8 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).

#### **4.3.- Cambio de titularidade da licenza municipal de apertura para queixería solicitado por COBIDEZA SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA.**

Vista a solicitude presentada por COBIDEZA SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA, Rexistro de Entrada nº 1098, de data 16 de marzo de 2016, solicitando o cambio de titularidade da licenza de actividade para queixería, sita na Avda. Recinto Feiral, nº 15 (Silleda)

Visto que, a Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 24 de febreiro de 2011 acordou:

*“4.1.1.- Dase conta do escrito presentado por Dº Manuel José Fiestas Rozados, en calidade de administrador da entidade Carimbo Calidade, S.L., Rexistro de Entrada nº 5667, de data 27 de decembo de 2010, solicitando cambio de titularidade a favor da ASOCIACIÓN FERIAL SEMANA VERDE DE GALICIA, da licencia municipal otorgada por acordo da Xunta de Goberno Local, en sesión de data 05 de maio de 2005 para queixería, a situar no Recinto Feiral, nº 15 de Silleda, por finalización do contrato de arrendamento das instalacións.*

*Visto que, por acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión do 01 de xuño de 2005, acordouse o cambio de titularidade da licencia anteriormente mencionada, a favor de Carimbo Calidade, S.L.*

*Examinada a documentación que a acompaña, visto o informe de Secretaría de data 22 de febreiro de 2011, e de conformidade co establecido nos artigos 21.1.q) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e 13 do Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais,*

*A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, toma coñecemento da comunicación do cambio de titularidade da licencia otorgada por acordo da Xunta de Goberno Local, en sesión de data 05 de maio de 2005 para queixería, a situar no Recinto Feiral, nº 15 de Silleda, a favor de ASOCIACIÓN FERIAL SEMANA VERDE DE GALICIA.”*

**A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, ACORDA:**

**Primeiro.-** Darse por comunicados do cambio de titularidade da licenza de apertura para queixería, sita na Avda. Recinto Feiral nº 15 (Silleda), outorgada inicialmente por acordo da Xunta de Goberno Local en sesión do 05 de maio de 2005, pasando a ser o novo titular da licenza de apertura COBIDEZA SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA con CIF F.36.211.019, en troques de Asociación Ferial Semana Verde de Galicia.

**Segundo.-** Aprobar as seguintes liquidacións provisionais:

Taxa por expedición de documentos administrativos (artigo 2 da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos e



servicios urbanísticos e 2.4 do Anexo da mesma Ordenanza) por importe de 36,00 euros, que xa foron satisfeitas pola peticionaria mediante transferencia realizada o 16 de marzo de 2016.

**Terceiro.-** Notifíquese o acordo aos interesados no procedemento, e dese traslado do mesmo aos servizos de urbanismo, intervención e tesourería.

**4.4.- Licenza de Actividade de taberna tradicional, a situar no lugar de Carral, nº 2, parroquia de Taboada (Silleda), solicitada por LAURA FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ.**

Vista a solicitude presentada por LAURA FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, Rexistro de Entrada nº 3709, de data 07 de agosto de 2015, solicitando licenza de actividade para taberna tradicional, a situar no lugar de Carral, nº 2, parroquia de Taboada (Silleda), segundo proxecto do arquitecto Martín Pereiras Corzón.

Visto o informe emitido o 17 de marzo de 2016 polo arquitecto Lino Manuel Doporto Framil no que conclúe o seguinte:

“Solicitante: *Laura Fernández Fernández*  
Data de rexistro: *07.AGO.2015* N.º: *3709* Data escrito: *06.AGO.2015*  
Solicitude: *Actividade de taberna tradicional*  
Tipo de Solicitude: *Atividade* Superficie construída: *61,35 m2*  
Emprazamento: *Carral, nº 2, Taboada*  
Referencia catastral: *001500600NH62E* Superficie Catastro: *4.473 m2*  
Autor do Proxecto: *Martín Pereiras Corzón, Arquitecto Colexiado 4236*  
Proxecto: *De Actividade Sen visar (Real Decreto 1000/2010, sobre visado colegial obligatorio)*  
Exposición pública: *BOP DOGA Prensa: 17.FEB.2016*  
Orzamento (P.E.M.): € *P.E.M. segundo Mbc ano 2010: €*

**NORMATIVA DE APLICACIÓN:**

- 1 *Real Decreto Legislativo 7 2015, de 30 de outubro, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Suelo y Rehabilitación Urbana*
- 2 *LOUGA (L.9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación. urbanística e Protección do medio rural de Galicia).*
- 3 *Lei 15/2004, da Lei 15/2004, do 29 de decembro.*
- 4 *Lei 6/2007, do 11 de maio, de Medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.*
- 5 *Lei 6/2008, do 19 de xuño, de medidas urxentes en vivenda e solo.*
- 6 *Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da L.9/2002.*
- 7 *Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.*
- 8 *RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).*
- 9 *RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).*
- 10 *Lei 8/1995, de 30 de outubro, de Patrimonio Cultural de Galicia.*
- 11 *Lei 16/1985, de 25 de xuño, Patrimonio Histórico español.*

12 Decreto 28 1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia.

13 R.D. 2187/1978, de 23 de junio de 1978. Reglamento de Disciplina Urbanística para desarrollo de Ley sobre Régimen del Suelo y Ordenación Urbana.

14 Decreto 29 2010, do 4 de marzo, polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia.

15 Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia.

16

17 Planeamento do Concello de Silleda

17.1 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda. Aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981.

17.2 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1991

17.3 M.P. PXOU na Zona Antiga Feira (apartados 2 e 3). Aprobado definitivamente o 11/05/1995

17.4 M.P. PXOU en Bandeira, redución do ancho Rúa Num 5 (apartado 2). Aprobado definitivamente o 11/05/1995

17.5 M.P. PXOU na zona do Centro de Saúde. Aprobado definitivamente o 07/03/2002

17.6 M.P. PXOU na Ordenanza Reguladora do SUP (ART 78). Aprobado definitivamente o 07/03/2002

17.7 M.P. PXOU na zona Feira Internacional. Aprobado definitivamente o 08/04/2002

17.8 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1981

17.9 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 07/03/2002

17.10 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 27/03/2007

17.11 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 15/05/2012

17.12 M.P. Plan Xeral no ámbito da Semana Verde. Aprobado definitivamente o 06/09/2012

17.13 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda, aprobado inicialmente o 18/12/2012

18 Concordantes

ANTECEDENTES:

1. Amósaseme para a redacción de informe técnico a solicitude de licenza asinada por Laura Fernández Fernández, presentada con R.E. 3709 de 07.AGO.2015. Aporta de memoria de actividade asinado por Martín Pereiras Corzón, Arquitecto colexiado 4236.

2. O Concello de Silleda aprobou inicialmente o Plan Xeral de Ordenación Municipal o día 18/12/2012 (punto 17.13 da normativa de aplicación deste informe técnico). No acordo de aprobación estableceuse o réxime de suspensión de licenzas<sup>1</sup> durante o prazo de dous anos. Unha vez superado este praza e non habendo constancia de que fose prorrogado, enténdese que o planeamento en vigor é o de 1981, salvo mellor criterio, que será o que se aplicará na redacción do presente informe, sen prexuízo da observancia dos elementos catalogados, que foron sinalados pola Consellería competente.

3. O proxecto conta, salvo erro ou omisión involuntarios, coa documentación indicada no ANEJO I do Código Técnico da Edificación, que establece a documentación mínima necesaria para obter licenza municipal de obras. A vista da documentación presentada, e da normativa urbanística en vigor, o técnico que subscribe redacta o seguinte informe técnico ao abeiro do artigo 195.2 LOUGA:

INFORME TÉCNICO:

4. O solo onde se pretende a actividade encóntrase clasificado no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981, e pola Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2002, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, coas sucesivas modificacións, como Solo rústico. Canto ao planeamento aprobado inicialmente, e que se relaciona no punto 17.13 da normativa de aplicación deste informe, o ámbito onde se pretende a , está clasificado como solo de núcleo rural histórico- tradicional. trátase dunha edificación, por tanto, en situación legal de fóra de ordenación.

5. A edificación na que se pretende este uso da fronte ao Camiño de Santiago (Vía da Prata), polo que será preceptiva a autorización da Consellería de Cultura.

6. O uso solicitado encadra dentro do artigo 33.2.e) da LOUGA e sería autorizable mediante autorización autonómica previa tramitada consonte o artigo 41 da LOUGA segundo o artigo 36, salvo mellor criterio.

7. Canto á tramitación ambiental, a LEI 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, a actuación proxectada non figura no ANEXO no que se inclúen as actividades sometidas a Avaliación de Incidencia Ambiental. Por tanto, enténdese que está excluída do procedemento de avaliación de incidencia ambiental.

8. O proxecto presentado xustifica o cumprimento da normativa vixente en materia de Accesibilidade de Galicia, segundo se recolle na memoria e na documentación gráfica do proxecto.

9. O proxecto presentado xustifica o cumprimento do establecido no Documento Básico Seguridade en caso de Incendios, DB-SI, segundo se xustifica na memoria e na documentación gráfica do proxecto.

10. De acordo coa valoración levada a cabo polos servizos técnicos municipais, considérase axeitado o orzamento que figura na memoria técnica.

11. Segundo o indicado no artigo 196 da Lei do Solo de Galicia, Prelación de licencias e outros títulos administrativos, a xuízo deste arquitecto, sería preciso ter, con carácter previo á concesión de licenza municipal e previos os trámites oportunos, as autorizacións previas dos seguintes organismos:

11.1 Secretaría Xeral de Cultura da Dirección Xeral de Protección do Patrimonio Cultural, a fin de que se emita informe previo á concesión de licenza municipal de obra, que se pretende executar nas proximidades da Vía da Prata.

11.2 Servizo de Urbanismo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a fin de que se proceda a emitir autorización autonómica, se procede.

Polo que o técnico que subscribe considera que o proxecto presentado non contradí a Normativa urbanística vixente, polo que se INFORMA FAVORABLEMENTE a solicitude, e propónse para dar traslado dunha copia completa do expediente aos organismos sinalados no punto 11 deste informe técnico.”

Polo exposto, e de acordo co informe técnico transcrito, esta Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 15 de xuño de 2015, pola unanimidade dos seus membros presentes,

## ACORDA

- **INFORMAR FAVORABLEMENTE** A SOLICITUDE e dar traslado do expediente completo, xunto cós informes técnicos e certificado da exposición pública a:

- Secretaría Xeral de Cultura da Dirección Xeral de Protección do Patrimonio Cultural, a fin de que se emita informe previo á concesión de licenza municipal de obra, que se pretende executar nas proximidades da Vía da Prata.

- Servizo de Urbanismo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a fin de que se proceda a emitir autorización autonómica, se procede.

### **4.5.- Licenza de Actividade de vivenda turística, a situar no lugar de Sestelo, parroquia de Siador (Silleda), solicitada por Roberto José Rivas Martínez en representación de GESTORA DE PLANEAMIENTO DE SUELO, S.L.**

Vista a solicitude presentada por Roberto José Rivas Martínez en representación de GESTORA DE PLANEAMIENTO DE SUELO, S.L., Rexistro de Entrada nº 385, de data 29 de xaneiro de 2016, solicitando licenza de actividade para vivenda turística, a situar no lugar de Sestelo, parroquia de Siador (Silleda), segundo proxecto do arquitecto José Luis Pereiro Alonso.

Visto o informe emitido o 29 de marzo de 2016 polo arquitecto Lino Manuel Doporto Framil no que conclúe o seguinte:

*“Solicitante: Roberto José Rivas Martínez, en representación de GESTORA DE PLANEAMIENTO DE SUELO S.L.*  
*Data de rexistro: 29.XAN.2016 N.º: 385 Data escrito: 27.XAN-2016*  
*Solicitude: Actividade de vivenda turística*  
*Tipo de Solicitude: Actividade Superficie construída: 654,26 m2*  
*Emprazamento: Sestelo, Siador*  
*Referencia catastral: 36052A05600070 e 001701000NH62E (vivenda) Superficie Catastro: 30.377 m2*  
*Autor do Proxecto: José Luis Pereiro Alonso, doutor Arquitecto col. 103*  
*Proxecto: De Actividade Sen visar (Real Decreto 1000/2010, sobre visado colegial obligatorio)*  
*Exposición pública: BOP DOGA Prensa: 27/02/2016*

#### **NORMATIVA DE APLICACIÓN:**

- 1 Real Decreto Legislativo 7 2015, de 30 de outubro, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Suelo y Rehabilitación Urbana*
- 2 LOUGA (L.9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación. urbanística e Protección do medio rural de Galicia).*
- 3 Lei 15/2004, da Lei 15/2004, do 29 de decembro.*

- 4 *Lei 6/2007, do 11 de maio, de Medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.*
- 5 *Lei 6/2008, do 19 de xuño, de medidas urxentes en vivenda e solo.*
- 6 *Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da L.9/2002.*
- 7 *Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.*
- 8 *RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).*
- 9 *RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).*
- 10 *Lei 8/1995, de 30 de outubro, de Patrimonio Cultural de Galicia.*
- 11 *Lei 16/1985, de 25 de xuño, Patrimonio Histórico español.*
- 12 *Decreto 28 1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia.*
- 13 *R.D. 2187/1978, de 23 de junio de 1978. Reglamento de Disciplina Urbanística para desarrollo de Ley sobre Régimen del Suelo y Ordenación Urbana.*
- 14 *Decreto 29 2010, do 4 de marzo, polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia.*
- 15 *Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia.*
- 16 *Planeamento do Concello de Silleda*
  - 16.1 *Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda. Aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981.*
  - 16.2 *M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1991*
  - 16.3 *M.P. PXOU na Zona Antiga Feira (apartados 2 e 3). Aprobado definitivamente o 11/05/1995*
  - 16.4 *M.P. PXOU en Bandeira, redución do ancho Rúa Num 5 (apartado 2). Aprobado definitivamente o 11/05/1995*
  - 16.5 *M.P. PXOU na zona do Centro de Saúde. Aprobado definitivamente o 07/03/2002*
  - 16.6 *M.P. PXOU na Ordenanza Reguladora do SUP (ART 78). Aprobado definitivamente o 07/03/2002*
  - 16.7 *M.P. PXOU na zona Feira Internacional. Aprobado definitivamente o 08/04/2002*
  - 16.8 *M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1981*
  - 16.9 *M.P. Plan Parcial Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 07/03/2002*
  - 16.10 *M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 27/03/2007*
  - 16.11 *M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 15/05/2012*
  - 16.12 *M.P. Plan Xeral no ámbito da Semana Verde. Aprobado definitivamente o 06/09/2012*
  - 16.13 *Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda, aprobado Provisionalmente o 18/03/2016*
- 17 *Concordantes*

#### **ANTECEDENTES:**

1. *Amósaseme para a redacción de informe técnico a solicitude de licenza asinada por Roberto José Rivas Martínez, en representación de GESTORA DE PLANEAMIENTO DE SUELO S.L., presentada con R.E. 385 de 29.XAN.2016. Aporta de memoria de actividade asinado por José Luis Pereiro Alonso, doutor Arquitecto col. 103 e xustificante de pago de taxas municipais. O promotor aporta copia de informe previo sobre o cumprimento de requisitos mínimos para vivenda turística emitida pola Área Provincial da Axencia Turismo de Galicia, asinado o 4 de xaneiro de 2016 (registro de saída 1063/ RX 18487 de 08/01/2016)*

2. O Concello de Silleda aprobou inicialmente o Plan Xeral de Ordenación Municipal o día 18/12/2012. No acordo de aprobación estableceuse o réxime de suspensión de licenzas<sup>1</sup> durante o prazo de dous anos. Unha vez superado este prazo e non habendo constancia de que fose prorrogado, enténdese que o planeamento en vigor é o de 1981, salvo mellor criterio, que será o que se aplicará na redacción do presente informe, sen prexuízo da observancia dos elementos catalogados, que foron sinalados pola Consellería competente.

3. A vista da documentación presentada, e da normativa urbanística en vigor, o técnico que subscribe redacta o seguinte informe técnico ao abeiro do artigo 195.2 LOUGA:

**INFORME TÉCNICO:**

4. O solo onde se pretende a actividade encóntrase clasificado no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981, e pola Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2002, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, coas sucesivas modificacións, como Solo rústico. Canto ao planeamento aprobado provisionalmente, e que se relaciona no punto 16.13 da normativa de aplicación deste informe, o ámbito onde se pretende a , está clasificado como solo de núcleo rural histórico- tradicional. A edificación encóntrase catalogada na ficha 29.03 que se xunta como anexo a este informe.

5. A edificación foi rehabilitada como vivenda unifamiliar mediante licenza municipal concedida en Xunta de Goberno Local do día 20 de abril de 2007 (xúntase copia).

6. O uso solicitado encadra dentro do artigo 33.2.e) da LOUGA e sería autorizable mediante autorización autonómica previa tramitada consonte o artigo 41 da LOUGA segundo o artigo 36, salvo mellor criterio.

7. Canto á tramitación ambiental, a LEI 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, a actuación proxectada non figura no ANEXO no que se inclúen as actividades sometidas a Avaliación de Incidencia Ambiental. Por tanto, enténdese que está excluída do procedemento de avaliación de incidencia ambiental.

8. O proxecto presentado xustifica o cumprimento da normativa vixente en materia de Vivendas turísticas de Galicia.

9. De acordo coa valoración levada a cabo polos servizos técnicos municipais, considérase axeitado o orzamento que figura na memoria técnica.

10. Segundo o indicado no artigo 196 da Lei do Solo de Galicia, Prelación de licencias e outros títulos administrativos, a xuízo deste arquitecto, sería preciso ter, con carácter previo á concesión de licenza municipal e previos os trámites oportunos, as autorizacións previas dos seguintes organismos:

10.1 Delegación Territorial de Patrimonio Cultural a fin de que se emita informe previo á concesión de licenza municipal de actividade, que se pretende levar a cabo nunha edificación catalogada polo Plan Xeral de Ordenación Municipal aprobado provisionalmente o 18 de marzo de 2016.

10.2 Servizo de Urbanismo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a fin de que se proceda a emitir autorización autonómica, se procede.

Polo que o técnico que subscribe considera que o proxecto presentado non contradí a Normativa urbanística vixente, polo que se INFORMA FAVORABLEMENTE a solicitud, e propónse para dar traslado aos organismos citados no punto 10 deste informe”

Polo exposto, e de acordo co informe técnico transcrito, esta Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 15 de xuño de 2015, pola unanimidade dos seus membros presentes,

## **ACORDA**

- **INFORMAR FAVORABLEMENTE** A SOLICITUDE e dar traslado do expediente completo, xunto cós informes técnicos e certificado da exposición pública a:

- Delegación Territorial de Patrimonio Cultural a fin de que se emita informe previo á concesión de licenza municipal de actividade, que se pretende levar a cabo nunha edificación catalogada polo Plan Xeral de Ordenación Municipal aprobado provisionalmente o 18 de marzo de 2016.

- Servizo de Urbanismo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a fin de que se proceda a emitir autorización autonómica, se procede.

### **5º.- EXPEDIENTE de RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. Reclamación de Don MANUEL TABOADA VILELA. Danos en vehículo na Rúa Mourelos nº 26 en data 17 de Maio de 2015.**

**ANTECEDENTES.** MANUEL TABOADA VILELA interpón unha reclamación por responsabilidade patrimonial baseada nun golpe na parte traseira do seu vehículo Nissan 8331 CYW no estacionamento do Auditorio na Rúa Mourelos nº 26 en data 17 de Maio de 2015, cando realizaba a maniobra de saída do lugar, ao golpearse contra "un hierro ..., que sobresalía verticalmente de la calzada", reclamando unha indemnización que cifra en 334,99 € en concepto de responsabilidade patrimonial do Concello como titular das vías públicas municipais.

**VISTA** a lexislación aplicable que se sintetiza, e segundo informa o secretario, en canto o artigo 54 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local, declara que as Entidades Locais responderán directamente dos danos e prexuízos causados aos particulares nos seus bens e dereitos como consecuencia do funcionamento dos servizos ou da actuación das súas autoridades, funcionarios ou axentes, nos termos establecidos na lexislación xeral sobre responsabilidade administrativa. Correspóndese este precepto co artigo 106 da Constitución Española e co 139 e seguintes da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Por tanto, para o nacemento de responsabilidade patrimonial dunha administración pública, e neste caso do Concello, é preciso a concorrencia dos requisitos esixidos polos artigos 106 da Constitución e 139 da Lei 30/1992 que establece que para haber lugar a declarar esa responsabilidade é necesario que se acredite e probe polo que a pretende:

- a) a existencia do dano e prexuízo causado economicamente avaliabile e individualizado;
- b) que o dano ou lesión sufrido polo reclamante é consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos en relación directa, inmediata e exclusiva de causa a efecto sen intervención extraña que puidese interferir alterando ao nexo causal;
- c) ausencia de forza maior
- d) que a reclamación se presente dentro do ano a contar desde a data do feito que a motiva.

**CONSIDERANDO** o caso concreto queda por determinar se o dano ou lesión sufrido polo reclamante é consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos en relación directa, inmediata e exclusiva de causa a efecto, sen intervención extraña que puidese interferir alterando o nexo causal, e por tanto sexa imputable á Administración.

O elemento causante dos danos foi "un hierro ..., que sobresalía verticalmente de la calzada", na descrición do reclamante. Pois ben, cos datos recabados dos servizos técnicos e tamén por ser público e notorio, ese ferro non se atopa na calzada como di o Sr. Taboada, senón a uns 20 cm dentro da beirarrúa, medidos desde o extremo do bordillo, polo cal, na manobra aludida para saír do aparcamento tivo que subir forzosamente a acera para superar eses 20 cm, un detalle que converte a responsabilidade do accidente en exclusivamente súa, xa que non está permitida formalmente tal acción.

**CONSIDERANDO** que a este respecto sinalou o Tribunal Supremo -e tamén en senso contrario- en repetidas Sentenzas (entre outras, Sentenza de 5 de decembro de 1997 da Sala 3<sup>o</sup>), que non cabe considerar que a responsabilidade patrimonial converta ás Administracións Públicas en aseguradoras universais de todos os riscos co fin de previr calquera eventualidade desfavorable ou danosa para os administrados, derivada da actividade destas, polo feito de que exerzan competencias na ordenación dun determinado sector, porque, pola contra, transformárase aquel en un sistema providencialista non contemplado no noso ordenamento xurídico, ademais de que o talante obxectivo da responsabilidade da Administración non converte a



esta nun asegurador universal que deba responder en todos os supostos en que se produza un resultado lesivo por mor da utilización de bens ou servizos públicos.

No caso concreto non hai que recorrer sequera a esta xurisprudencia do Supremo, xa que o dano foi causado pola acción de subir co vehículo a superficie da beirarrúa, acción prohibida nas normas de tráfico, polo que non existe responsabilidade algunha municipal.

Por unanimidade, **SE ACORDA:**

- **DESESTIMAR** a reclamación de MANUEL TABOADA VILELA por responsabilidade patrimonial baseada nun golpe na parte traseira do seu vehículo Nissan 8331 CYW no estacionamento do Auditorio na Rúa Mourelos nº 26 en data 17 de Maio de 2015, cando realizaba a manobra de saída do lugar, ao golpearse contra "un hierro ... , que sobresalía verticalmente de la calzada", reclamando unha indemnización que cifra en 334,99 € en concepto de responsabilidade patrimonial, ao considerar que o dano sufrido polo reclamante NON é consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos en relación directa, inmediata e exclusiva de causa a efecto, sen intervención estraña que puidese interferir alterando ese nexo causal, en tanto o ferro contra o que se golpeou non se atopaba na calzada senón na beirarrúa, e para danarse o vehículo tivo que subir a mesma, o cal está prohibido, polo que lle corresponde o reclamante a responsabilidade desa incorrecta manobra.

---

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Presidente levántase a sesión as catorce horas, extendéndose a presente acta, do que como secretario dou fe e certificado.

Silleda, a 05 de Abril de 2016

Vº e Prace  
O ALCALDE,

O SECRETARIO

Asdo. Manuel Cuiña Fernández

Asdo. Manuel Quintáns Queiruga